



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Por Resolución desta Alcaldía núm. 1018 de 6 de novembro, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso de selección para a contratación temporal a tempo completo dun/dunha auxiliar administrativo/a inscrito/a no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil completo financiado pola Xunta de Galicia dentro do programa TR350E, e que se transcriben a continuación:

BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A INSCRITO/A NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, FINANCIADO POLA XUNTA DE GALICIA DENTRO DO PROGRAMA TR350E.

1. Obxecto da convocatoria

Ten por obxecto esta convocatoria o proceso de selección para a contratación temporal a tempo completo dun/dunha auxiliar administrativo/a mediante contrato de traballo temporal de interese social. A xornada será de luns a venres cos descansos que establece a lei. As datas de inicio e de finalización dos contratos serán as establecidas na resolución de contratación. A data límite para realizar a contratación laboral, segundo a resolución da subvención, é o 30 de novembro de 2025.

2. Características do posto

Área: Oficinas Xerais

Denominación do posto: Auxiliar Administrativo/a

Prazas: 1

Duración: 9 meses

Grupo: IV

Grupo de cotización: 7

Soldo: 1.381,33 € por todos os conceptos

Modalidade contractual: Contrato temporal de interese social

Titulación: ESO, equivalente ou superior

Cometido funcional: As propias da praza de auxiliar administrativo/a

3. Sistema de selección

O sistema de selección será de oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

4. Requisitos das persoas aspirantes

Para poder formar parte desta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), para os nacionais doutros estados..

b) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, equivalente ou superior.

c) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido separada mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

e) Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Estar en posesión do CELGA 3, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 1, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto no punto 8 destas bases, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

g) Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia

h) Estar inscrita como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no momento de presentar a oferta de emprego e manter esta circunstancia ata o inicio da relación laboral co Concello de Muros, así como as demais circunstancias establecidas no artigo 29.2 da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

5. Selección de persoas aspirantes



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

De acordo co artigo 29.3 da Orde citada no punto anterior, a entidade beneficiaria solicitará aos traballadores/as que precisen mediante a presentación de oferta, a cal se realizará segundo os principios establecidos neste artigo. Estas bases do proceso selectivo publicaranse na sede electrónica do Concello de Muros.

A oferta de Emprego na oficina de Cee do Servizo Público de Emprego de Galicia, realizarase a partir do terceiro día hábil dende a publicación destas bases na sede electrónica do Concello de Muros.

6. Relación de persoas admitidas

Recibida a relación de persoas do Servizo Público de Emprego, de acordo co previsto no apartado anterior, publicarase a relación de persoas candidatas na sede electrónica, do Concello de Muros (sede.muros.gal), sinalando a data de realización do primeiro exame e a composición do tribunal.

As persoas aspirantes, antes da realización do primeiro exercicio do proceso selectivo deberán presentar unha declaración de que cumpren os requisitos establecidos no punto 4 das bases, de acordo co modelo de solicitude publicado no sede electrónica do Concello de Muros (<https://sede.muros.gal/sxc/export/sites/muros/recursos/downloads/Varios/ANEXO-II-SOLICITUDE-EMPREGO-SEN-MERITOS.pdf>) e que tamén estará á disposición das persoas interesadas, no Rexistro xeral do Concello. Xunto con este modelo deberán presentar a seguinte documentación:

- a. Copia do DNI
- b. Se é o caso, certificado de galego segundo o previsto no punto 4 f).
- c. Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 4 (Modelo de solicitude).
- d. Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que sexan requiridos (Modelo de solicitude).
- e. Autorización ao Concello de Muros do uso dos datos e da documentación presentada para os fins precisos en relación a este procedemento, así como a cesión da mesma aos organismos públicos que correspondan a efectos de xustificar a subvención que financia esta contratación (Modelo de solicitude).

As persoas aspirantes serán convocadas á realización do primeiro exercicio telefonicamente ou mediante SMS.

As persoas con necesidades especiais deberán facelo constar nas súas solicitudes, sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.

As persoas aspirantes que antes da realización do primeiro exercicio non presenten no rexistro do Concello o modelo de solicitude coa documentación establecida, serán excluídas do proceso selectivo.

7. Tribunal cualificador

O tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha presidencia, unha secretaría e tres vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Os membros do tribunal, deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

No nomeamento dos membros do tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto. O nomeamento das persoas especialistas corresponderalle a Alcaldía ou á Concellería delegada a proposta do tribunal.

O tribunal cualificador tamén poderá propoñer a designación de persoal administrativo colaborador, que será resolta por decreto da alcaldesa ou de concelleira/a delegada/o con competencias na materia, co obxecto de prestar auxilio ao mesmo no desenvolvemento das probas no suposto de que o número de aspirantes convocados así o aconselle a fin de garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.

Os membros do tribunal, así como aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. No caso de que os membros do tribunal sexan traballadores municipais, unicamente percibirán dietas. As indemnizacións do persoal administrativo colaborador, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

O órgano encargado da selección neste proceso será o tribunal de selección, que asumirá a consideración, verificación e apreciación das incidencias que puiden xurdir no desenvolvemento dos exercicios e adoptará ao respecto as decisión que estime oportunas.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, polo menos, da metade dos seus membros, e, en todo caso, sen asistencia do presidencia e secretaría, ou quen os substitúa.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e ao resto do ordenamento xurídico.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, asinada por todos os membros do tribunal asistentes.

Os membros do tribunal, así como os asesores especialistas designados, terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas, ou houberan colaborado con centros de preparación de opositores, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

A presidencia poderá solicitar dos membros do tribunal e dos asesores especialistas declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

A concorrencia de calquera de ditas causas deberá ser comunicada ao órgano competente.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao precepto citado no parágrafo anterior.

Ante a renuncia, abstención, aceptación da recusación ou calquera outra circunstancia similar que afecte a un dos membros do tribunal, o órgano competente procederá á designación dun novo membro que substitúa ao anterior.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Por resolución da Alcaldía ou a Concellería delegada nomearanse aos novos membros do tribunal que substituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente.

Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a alcaldía nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administra tivo común das administracións públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

8. Procedemento selectivo

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición. A puntuación total será de 10 puntos como máximo.

Unha vez comezadas as probas selectivas, todas as publicacións referentes a este proceso selectivo realizaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, sendo a data de publicación a establecida a efectos de cómputo de prazos.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito as persoas opositoras que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Comezada a práctica dos exercicios, o tribunal poderá requirirllas en calquera momento ás persoas concursantes que acrediten a súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos exixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia da persoa interesada, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación das persoas aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase segundo criterio establecido polo tribunal no momento do chamamento.

Concluído o exercicio da oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a puntuación obtida por cada aspirante.

As persoas aspirantes terán un prazo de 2 días hábiles dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Fase de oposición, ata un máximo de 10 puntos

As probas selectivas faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as aspirantes poidan realizar os seus exercicios en castelán. Neste caso, as persoas que queiran copia das probas en castelán solicitarano expresamente no apartado existente para tal efecto no modelo de solicitude, de conformidade co establecido na Ordenanza para o impulso da lingua galega no concello de Muros o (BOP núm.79 do 27/04/2016). Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar a opción.

a) Primeiro exercicio, ata un máximo de 10 puntos



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

De carácter obrigatorio e non eliminatorio para todas as persoas aspirantes, que consistirá en contestar por escrito, un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con 4 respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas co contido do programa anexo á convocatoria durante un período máximo de 30 minutos.

O tribunal incluírá varias pregunta reserva. As preguntas reserva deberán ser contestadas polas persoas aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera máis dunha anulación.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos. Cada resposta correcta sumará 1 punto. Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos.

b) Segundo exercicio, apto/non apto

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 3 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase de oposición. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinará o tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 3.

Esta proba será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apta, dado que non cumprirían o requisito esixido no punto 4 f) destas bases.

Debido á premura na contratación do persoal, os exercicios da fase de oposición realizaranse no mesmo día.

9. Resolución

A puntuación final obterase do resultado da suma dos exercicios da fase de oposición e do concurso. No caso de empate de dúas ou máis persoas candidatas, realizarase un sorteo público para dirimir o empate.

O tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente, e propondrá a Alcaldía a contratación como persoal laboral ao aspirante que obtivese a máxima puntuación

No caso de renuncia deste aspirante, tanto antes da realización do contrato como con posterioridade, chamarase ao seguinte candidato dispoñible e que cumpra nese intre os requisitos establecidos no punto 4 destas bases

Antes de proceder a contratación, a persoa aspirante proposta deberá presentar a seguinte documentación:

1. Copia do título exixido nas bases.
2. Fotocopia do número da Seguridade Social.
3. Certificado de número IBAN de conta bancaria a nome do/a traballador/a.

Non será necesario presentar a documentación dos puntos 2 e 3 cando xa figure nos expedientes do Servizo de persoal ou Tesourería do Concello de Muros.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

10. Incidencias

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e para tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

11. Normativa aplicable

O proceso selectivo rexerase polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

12. Financiamento

O proxecto financiarase con recursos procedentes da Xunta de Galicia nun importe de 16.380,09 € e recursos propios.

13. Datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos basease no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal infórmase en cumprimento do disposto no art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

14. Recursos

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso-administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

ANEXO I. TEMARIO



CONCELLO DE MUROS **(A Coruña)**

Tema 1. Toponimia de Muros.

Tema 2. O acto administrativo: concepto, clases elementos. Requisitos: a motivación e a forma.

Tema 3. Eficacia dos actos administrativos. A invalidez do acto administrativo: nulidade e anulabilidade.

Tema 4. O procedemento administrativo e a súas fases. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común. A iniciación do procedemento: clases, subsanación e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións.

Tema 5. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia.

Tema 6. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. O desistimento e a renuncia. A caducidade. A tramitación do procedemento por medios electrónicos.

Tema 7. Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. A notificación: Contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A utilización de medios telemáticos.

Muros 6 de novembro de 2025

A Alcaldesa en funcións

Caridad González Cerviño